



_adaptándose

empoderando ás persoas
con discapacidade
a través da arte



Lifelong
Learning
Programme

Proxecto cofinanciado por
o Programa de Aprendizaxe
Permanente da Unión Europea

art
ability

O proxecto Artability supuxo para Cogami Lugo (CRD de Fingoi e o Centro de Monterroso) a apertura dunha fiestra á creatividade, á exploración das propias capacidades, á mellora na nosa estima, a adquisición de novos coñecementos... sería difícil enumerar todos os beneficios que supuxo para nós. A arte entrou nas nosas aulas de repente, e aínda que ao principio nos produciu algo de desconcerto, pronto se converteu en algo cotiá e incluso necesario.

O empoderamento a través da arte, finalidade do Artability, realizouse nas dúas direccións, afectando tanto a usuarios como a profesionais que nos vimos beneficiados por el. Sempre podemos facer algo máis, que ademais é gratificante e nos pon a proba, como exemplo o que ides ver nesta mostra.

A exposición titúlase Adaptándose porque iso tivemos que facer practicamente cada día, adaptando o material e os soportes cos que traballabamos, adaptándonos ás técnicas que máis nos gustaban e coas que nos sentíamos cómodos, chegando a acordos sobre temáticas...

O feito de compartir ideas, técnicas e coñecemento con outros países nunha rede tamén foi un aliciente máis deste proxecto, o sentirnos unidos en algo común con persoas doutros países.

E aínda que o importante foi o camiño, como broche final, queremos mostrarvos o traballo feito durante estes dous anos.

Esperamos que vos guste a obra que vai máis alá das nosas (dis)capacidades, nos gozamos moito facéndoas.

_obxectivos

- :: Aumentar a participación social das persoas con discapacidade e facilitar o seu acceso a actividades culturais, recreacionais e vocacionais.
- :: Mellorar o sistema educativo de adultos mediante a elaboración dunha metodoloxía de traballo facilmente transferible.
- :: Facer unha análise comparativa Europea sobre o impacto da arte nas vidas das persoas con discapacidade.

_valores

- :: Todas as persoas son iguais
- :: Todas as persoas son creativas
- :: Experiencia intercultural
- :: Sinerxía creada pola cooperación Europea

_principais actividades

- :: Laboratorios de arte semanais
- :: Obradoiros interactivos sobre técnicas de arte e como organizar o obradoiro
- :: Exposicións finais
- :: Intercambio Internacional en Italia
- :: Elaboración dun manual onde se reflicta unha metodoloxía de traballo facilmente transferible a outros eidos da educación de persoas adultas
- :: Análise sobre o impacto da arte nas vidas das persoas con discapacidade

_métodos

- :: Educación non formal
- :: Aprendizaxe a través da experiencia
- :: Base científica para a medición do impacto



_países participantes

:: ESPAÑA :: GRECIA :: ITALIA :: LITUANIA ::

ARTISTAS: Marina Abuín, Roberto Camba, Alejandro Carballeira, Arturo Fojón, Juan Antonio García, Luis Alberto García, Nieves Gayoso, María Teresa Guerra, Juan Antonio Jiménez, Ricardo Lamazares, Ana Novo, Manuel Paz, Ana Cristina Piñeiro, Jose Manuel Ramil, Miguel Angel Regueiro, Manuel Angel Rosón, Enrique Sanmartín, Francisco Solana, Jose Manuel Ulla, Ana María Varela, Jose Luís Vázquez, Jose Carlos Vázquez, Ramón Veiga, Oscar Vigo, Manuel Blanco, Andrea Eva, Virginia García, Gloria Legaspi, Alain Lois, Hugo Novo, Mari Parapar, Marta Rodríguez, Patricia Serén, Laura Treballe, Mar Treballe, María José Vigo, Juan Vila, Manolo Viñas, Sara Zoubia, Teresa Rodríguez, Luis García, José Vázquez, Vicente Otero, Ana Salgado, Fátima Viña, Heitor Gómez, Jose Ángel Vázquez, Sofía Vázquez, Raúl Vázquez.

MONITORES: Purificación Salvador Reboló, Javier Rey Feijoo, Javier Varela Quintás e Cristina Alonso Barreiro.

FORMACIÓN: Encarna Lago González, Paula Cabaleiro, Adrián Pérez Lago e Cristina Fernández Lamela.

D^a. Elena Candia López
presidenta da Deputación Provincial de Lugo.

D. Francisco Javier Balado Teijeiro
deputado de Cultura.

Anxo Antón Queiruga Vila
presidente de COGAMI.

Juan Antonio Gude Vila
director do C.R.D. Fingoi,
teñen o pracer de invitalo/a á inauguración da exposición

adaptándose. empoderando ás persoas con discapacidade a través da arte

Acto que terá lugar o vindeiro martes, día 15 de setembro de 2015, ás 18:00 horas,
na Sala de Exposicións do Museo Provincial de Lugo
e o vindeiro xoves, 15 de outubro de 2015, ás 18:00 horas, no Pazo de Tor

Praza da Soidade s/n
Tel. 982 242 112
www.redemuseisticalugo.org / difusion@museolugo.org

Máis información



DIPUTACIÓN DE LUGO



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO